

DINÁMICAS PARA FORMAR EQUIPOS A TORMENTA



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

Esta dinámica favorece o mantemento da cohesión grupal e resulta adecuada tras traballar con outras dinámicas de cohesión anteriormente, sobre as que xa se reflexionou.

Utilízase cando necesitamos formar equipos e non dispoñemos de moito tempo nunha sesión para a dinámica semanal. Con ela conseguiremos crear o ambiente distendido propio das nosas sesións, á vez que facilitaremos traballo posterior por equipos en pouco tempo.

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ O alumnado forma un círculo coas súas cadeiras e sentan.
- ★ O titor/a explica a dinámica: Se di “esquerda”, todos han de se mover un posto á esquerda. Se di “Dereita”, móvense un posto á dereita e, se di “tormenta”, cambian de sitio de forma aleatoria.
- ★ Tras unha das tormentas, fórmanse grupos por contigüidade, xa que xa están colocados de forma aleatoria nas súas cadeiras.